

A CIG-Ensino cualifica de “insulto á intelixencia” a proposta de suba de 50 euros mensuais até 2021 presentada pola Consellaría

Confirmouse que a negociación está viciada desde o comezo polos criterios impostos pola administración coa conivencia das outras organizacións sindicais. A CIG insistiu na necesidade de incorporar un compromiso por escrito de calendario de negociación de mellora das condicións do traballo docente, un fondo de compensación que permita recuperar as pagas extras recortadas entre 2013 e 2016 e unha suba salarial que non sexa inferior aos 150 euros pactados por todos os sindicatos e a administración no último acordo de 2006.

A CIG-Ensino cualificou a actitude da Consellaría de Educación como un “insulto á intelixencia” na segunda reunión da negociación aberta sobre a equiparación do profesorado galego con respecto ao resto do Estado. Despois de que na primeira Mesa non trouxera ningunha proposta concreta e se pechara en banda a negociar calquera outra cuestión fóra desa suposta homologación, “algo totalmente anómalo e inédito na forma de negociar por parte da administración”, en palabras de Suso Bermello, “a Consellaría limitábase a presentar unha suba de 50 euros mensuais que se distribuirían de forma gradual en tres anos, desde xaneiro de 2019 até decembro de 2021”. O secretario nacional da CIG-Ensino censurou que “se limite todo este proceso a unha cuestión de ranking, como se se tratara do concurso de Eurovisión” e lembrou que a negociación naceu totalmente deturpada desde o comezo, ao aceptar o resto de organizacións sindicais as limitacións impostas pola Consellaría e non querer pactar a introdución doutro tipo

DATA DE EFECTIVIDADE	INCREMENTO MENSUAL	INCREMENTO ANUAL
01.01.2019	15 €	210 €
01.01.2020	15 €	210 €
01.01.2021	20 €	280 €
TOTAL	50 €	700 €

de negociacións ademais das retributivas.

Ao respecto da proposta da administración explicou que “as cifras son interesadas, porque non se contemplan os complementos que cobra todo o profesorado que comeza a traballar nas outras comunidades autónomas desde o primeiro día”. Neste sentido, indicou que “aínda que para a CIG-Ensino a equiparación salarial debe ser unha parte máis da negociación global, tal e como lles trasladamos ás demais organizacións sindicais o pasado mércores, a nosa proposta ten como límite de chegada os 150 euros de suba que se asinaron no acordo de 2006, xunto co compromiso dun calendario de negociación de mellora das condicións de traballo do persoal

docente e a recuperación do roubado nestes anos.

De todas formas, a CIG-Ensino insistiu en que o mandato do profesorado galego está claro, como se puido comprobar na recente campaña de recollida de sinaturas pola recuperación dos dereitos perdidos nos últimos anos que recadou 12.000 apoios. O sindicato evidenciou na Mesa que non vai renunciar a pedir que se recolla por escrito unha data de comezo e un calendario de negociación das nosas condicións laborais: redución de rateos, volta ás 18 horas lectivas en Secundaria e ás 21 en Primaria, autorización de desdobres, redución da burocracia, transparencia nas vacantes, maior democracia nos centros, eliminación dos descontos por enfermar...

DATOS PONDERADOS DE MESTRES E PES

ORDE	COMUNIDADE	ANUAL PES	ANUAL MESTRES	MEDIA PONDERADA	DIFERENZA	DEFERENZA MES
1	MELILLA	41.887,70	35.604,18	38.745,94	8.705,94	621,85
2	CEUTA	41.887,70	35.604,18	38.745,94	8.705,94	621,85
3	PAIS VASCO	37.741,06	32.829,72	35.285,39	5.245,39	374,67
4	NAVARRA	36.742,44	31.908,66	34.325,55	4.285,55	306,11
5	BALEARES	34.615,12	30.986,14	32.800,63	2.760,63	197,19
6	CANTABRIA	33.951,26	30.497,46	32.224,36	2.184,36	156,03
7	CASTELA A MANCHA	33.460,00	30.088,80	31.774,40	1.734,40	123,89
8	MURCIA	33.318,30	29.873,00	31.595,65	1.555,65	111,12
9	RIOXA	32.863,88	29.236,48	31.050,18	1.010,18	72,16
10	CANARIAS	32.188,50	29.362,92	30.775,71	735,71	52,55
11	EXTREMADURA	31.853,08	28.481,88	30.167,48	127,48	9,11
12	C. VALENCIANA	31.768,94	28.344,96	30.056,95	16,95	1,21
13	GALIZA	31.721,94	28.358,06	30.040,00	0,00	0,00
14	CASTELA E LEÓN	31.597,34	28.193,34	29.895,34	-144,66	-10,33
15	CATALUÑA	31.457,44	27.904,80	29.681,12	-358,88	-25,63
16	ANDALUCÍA	31.355,80	27.951,00	29.653,40	-386,60	-27,61
17	MADRID	31.278,94	27.907,74	29.593,34	-446,66	-31,90
18	ARAGÓN	31.135,11	27.659,31	29.397,21	-642,79	-45,91
19	ASTURIAS	30.389,80	26.996,00	28.692,90	-1.347,10	-96,22

CRITERIOS EMPREGADOS POLA CIG-ENSINO PARA A ELABORACIÓN DAS TÁBOAS:

- Salarios brutos anuais sen antigüidade.
- En todos os casos tense en conta o recorte que aínda se mantén nas pagas extras, nas que non se cobra unha parte do salario base e dos trienios.
- Só se computan retribucións mínimas que cobra todo o profesorado de cada territorio. Exemplo: No caso de Baleares ou Canarias hai diferentes complementos de residencia para cada illa. Nestes casos compútase a contía máis baixa.
- No caso de Ceuta e Melilla todo o profesorado cobra o complemento de residencia polo que está incluído no cómputo.
- Polo tanto, as contías coas que elaboramos a táboa son as que percibiría, COMO MÍNIMO, calquera docente no primeiro día de traballo en cada territorio.
- As liñas amarelas son aquelas nas que existe discrepancia entre as cifras que manexa a CIG-Ensino e as que manexa a Consellaría, xunto coas outras organizacións sindicais.

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, Baixo
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal